



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación

Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación			
Código	V01G230V01313			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Esta materia está orientada á formación do estudiantado de tradución nas técnicas de procura e análise documental, de tal maneira que, tras cursar esta materia, o alumnado sexa capaz de localizar focos fiables de xeración de documentos, tratar adecuadamente a información que se atopa nestes e aplicala pertinentemente ás súas necesidades.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
C16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións

D9	Razoamento crítico
D12	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual
D24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprofundar o coñecemento das dúas linguas de traballo, inglés (Idioma I) e galego (Lingua I), sobre todo nos niveis lexical, morfosintáctico e textual. Especificamente no caso da lingua de chegada da tradución, o galego, desenvolver estratexias para a súa restauración estrutural e potenciación expresiva no cadro da tradución (o que demanda o desenvolvemento de destrezas de exploración e aproveitamento de documentos redixidos en luso-brasileiro).			
Coñecer, identificar e solucionar os problemas documentais ligados aos procesos de tradución/ interpretación.	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C8 C17 C18 C21 C27	D1 D2 D4 D7 D9 D22
Coñecer a evolución dos problemas relacionados coa procura, análise, almacenamento e difusión da información.	A1 A2 A3 A4 A5	C21 C24 C27	D9 D15 D23
Coñecer os fundamentos teóricos e metodolóxicos da documentación.	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C17 C18 C21 C24 C27	D4 D7 D9 D15 D22 D23
Avaliar a calidade de documentos e de información.	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C8 C11 C17 C18 C21 C24 C27 C30	D1 D2 D4 D7 D9 D12 D23 D24
Utilizar adecuadamente ferramentas de localización de información.	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C8 C10 C11 C16 C17 C18 C21 C27 C30	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D12 D22 D23 D24
Utilizar adecuadamente protocolos documentais para o tratamento da información	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C8 C11 C16 C17 C18 C21 C24 C27	D1 D3 D4 D7 D9 D15 D22 D23 D24

Contidos

Tema

1. Introducción á documentación.	1.1. A documentación como actividade e como área de coñecemento. 1.2. Parámetros de procura para a investigación. 1.3. Información e coñecemento. 1.4. Comprensión, interpretación e produción de saber.
2. Técnica documental e tradución/interpretación.	2.1. Operacións documentais ligadas a tradución. 2.2. Tipoloxía xeral de documentos de procura para a tradución. 2.3. Protocolos para o tratamento da información: Ficheiros documentais
3. Análise documental xeral.	3.1. Técnica documental: fundamentos e interdisciplinaridade. 3.2. Centros de documentación. 3.3. Tipoloxías documentais en función da análise. 3.4. Descrición bibliográfica, indización e resumo. 3.5. Linguaxes documentais.
4. Teledocumentación: fundamentos e ferramentas de localización de recursos web.	4.1. Internet e sociedade da información. 4.2. Automatización e innovación documental. 4.3. Métodos fundamentais de procura en Internet. 4.4. Listas de distribución. 4.5. Motores de procura. 4.6. Directorios temáticos. 4.7. Compiladores e ferramentas afíns. 4.8. Ferramentas de Internet profunda. 4.9. Multibuscadores e metabuscadores.
5. Recursos en liña específicos da tradución/interpretación.	5.1. Ferramentas de localización de tradutores. 5.2. Publicacións seriadas. 5.3. Tradutores automáticos. 5.4. Webs persoais de tradutores. 5.5. Dicionarios. 5.6. Bases de datos e tesauros. 5.7. Buscadores. 5.8. Portais.
6. Produción de documentos funcionais	6.1. Fases de elaboración. 6.2. Tipoloxía e descrición de documentos académicos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	45	75
Resolución de problemas	5	10	15
Estudo de casos/análises de situacións	10	20	30
Probas de tipo test	2	10	12
Traballos e proxectos	1	17	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As clases maxistras permitirán a transmisión de información fundamental, teórica e metodolóxica, desde o docente aos discentes e complementarase con metodoloxías integradas, como son o ensino baseado en proxectos de aprendizaxe e a aprendizaxe colaborativa, para fomentar tanto a intervención activa do alumnado en clase, como a toma de responsabilidades do mesmo no desenvolvemento da súa formación académica.
Resolución de problemas	Como aplicación práctica do explicado nas clases maxistras, proporase ao estudantado a realización de exercicios, parte dos cales deberán ser entregados a través da plataforma de teledocencia, dentro dos prazos que se establezan.
Estudo de casos/análises de situacións	Realizaranse estudos particulares de casos de procura, análise e aplicación documental. Esta actividade, que será tutelada, permitirá que o estudantado se exercite na resolución de problemas documentais e prepararalle para a realización do traballo final de curso, que levará a cabo de maneira autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	O profesorado atenderá as dúbidas do alumnado tanto en horario de clase como en titorías.
Resolución de problemas	O profesorado atenderá as dúbidas do alumnado tanto en horario de clase como en titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Exporanse preguntas ao alumnado acerca da materia explicada, así como das lecturas complementarias fornecidas.	4	A1 A5	C3 C21 C24 C27	D1 D7 D9 D15
Resolución de problemas	Os alumnado presentará, oralmente ou por escrito -segundo o estime o profesorado-, os resultados dos exercicios propostos.	8	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C8 C17 C18 C21 C27 C30	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D12 D22 D23 D24
Estudo de casos/análises de situacións	Os alumnado darán conta argumentadamente, de forma oral ou por escrito -segundo o estime o profesorado-, dos resultados obtidos nos sucesivos estudos de casos que leve a cabo.	8	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C8 C17 C18 C21 C27 C30	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D12 D22 D23 D24
Probas de tipo test	Ao final de curso, realizarase unha proba tipo test, en que se avaliará o nivel de coñecementos teóricos do alumnado. Nesta proba poderase esixir ao alumnado a argumentación concisa das súas respostas.	40	A1 A3 A4	C17 C18 C21 C24 C27	D4 D7 D9 D15 D22 D23
Traballos e proxectos	Ao final de curso, de forma individual ou en grupo non superior a seis membros, realizarase un traballo de procura documental, nun prazo que se determinará no momento en que se entreguen as instrucións para a súa elaboración	40	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C8 C10 C17 C18 C21 C24 C27 C30	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D12 D15 D22 D23 D24

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A avaliación continua so está vinculada á primeira convocatoria e a nota correspondente a ela resultará das intervencións do alumnado na clase e da resolución de exercicios expostos ao longo do cuadrimestre.
2. A avaliación única constará da proba tipo test e do traballo documental, cada un deles valerá, en este caso, o 50% da nota final.
3. O dereito á avaliación continua pérdese despois de 4 ausencias inxustificadas a sendas sesións nas que se haxa requirido a intervención do/a alumno/a, para o estudo de casos ou a resolución de exercicios.
4. Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar independentemente a proba tipo test e o traballo documental. Polo tanto, si un/ha alumno/a non supera unha parte da materia, na acta aparecerá como suspenso/a; se supera unha parte e non se presenta á outra, na acta aparecerá como non presentado/a.
5. Ao final do cuadrimestre, si o/a docente o considera necesario, poderá convocar ao alumnado individualmente coa finalidade de obter información complementaria -relacionada cos seus coñecementos e habilidades- que lle permita optimizar a súa avaliación.
6. Para poder dar conta da avaliación continua, é necesario que o alumnado entregue ao profesorado unha ficha de materia cos seus datos persoais e fotografía. Esta ficha entregarase persoalmente nos quince primeiros días de clase.
7. Para a avaliación final dos aspectos teóricos da materia, existirán dúas oportunidades: o exame final stricto sensu -que

terá lugar na data fixada polo decanato e ao que deberán presentarse o alumnado de avaliación única- e o [exame previo] - que realizárase durante a semana previa o exame final-, ambos do mesmo tipo e centrados nos mesmos contidos. O alumnado de avaliación continua que o desexe poderá presentarse o exame previo; quen o supere quedará liberado da parte teórica; quen non o supere ou non se presente ao exame previo deberá presentarse ao exame final.

8. O traballo documental entregarase o día da realización do exame final ou ben o día que se acorde co alumnado.

9. Na convocatoria de xullo, que vaise rexer polos mesmos criterios que a de xaneiro, o alumnado que teña presentarse á parte práctica faríano realizando un traballo documental distinto, no cal os documentos que se propuñan para a análise serán diferentes dos propostos na convocatoria de xaneiro. En canto a os/as que teñan que presentarse a la parte teórica, terán que realizar un novo exame tipo test para poder superala.

10. Todo o explicado na presente guía docente será tamén de aplicación para o alumnado de intercambio, que, por outra parte, deberá ter un bo nivel de competencia da lingua galega ou española que lles permita seguir as clases sen dificultade algunha.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARGUDO, S.; PONS, A., **Mejorar las búsquedas de información**, UOC, 2012

CID LEAL, P.; PERPINYÀ MORERA, R., **Cómo y dónde buscar fuentes de información**, Serv. Pub. Univ. de Barcelona, 2013

CORDÓN GARCÍA, J.A. ET AL., **Las nuevas fuentes de información: información y búsqueda documental en el contexto de la web 2.0**, Pirámide, 2012

LÓPEZ YEPES, J., OSUNA ALARCÓN, M.R. (coords.), **Manual de ciencias de la información y documentación**, Pirámide, 2011

PACIOS LOZANO, A.R. (coord.), **Técnicas de búsqueda y uso de la información**, Ramón Areces, 2013

SALES SALVADOR, D., **Documentación aplicada a la traducción: presente y futuro de una disciplina**, Trea, 2007

Bibliografía Complementaria

CODINA, L.; MARCOS, M.C.; PEDRAZA, R. (coords.), **Web semántica y sistemas de información documental**, Trea, 2009

CORDÓN GARCÍA, J. A. ET AL., **Las nuevas fuentes de información: la búsqueda informativa, documental y de investigación en el ámbito digital**, Pirámide, 2016

COSTA SÁNCHEZ, C.; PIÑEIRO OTERO, T., **Estrategias de comunicación multimedia**, UOC, 2016

CRUZ GIL, M.C., **Modelos de búsqueda y recuperación de la información**, Trea, 2015

GIANNASI-KAIMEN, M.J.; CARELLI, A.E. (coords.), **Recursos informacionales para compartir**, Alfabrama, 2010

GÓMEZ DÍAZ, R.; GARCÍA-RODRÍGUEZ, A.; CORDÓN GARCÍA, J. A.; ALONSO ARÉVALO, J., **Leyendo entre pantallas**, Trea, 2016

MALDONADO MARTÍNEZ, A., RODRÍGUEZ YUNTA, L. (coords.), **La información especializada en Internet : directorio de recursos de interés académico y profesional**, CSIC, 2006

MATEOS SÁNCHEZ, M., **Aplicación de técnicas de clustering en la recuperación de la información**, Trea, 2009

PÉREZ-MONTORO GUTIÉRREZ, M., **Arquitectura de la información en entornos web**, Trea, 2010

RODRÍGUEZ BRAVO, B., **Apuntes sobre representación y organización de la información**, Trea, 2011

TORTOSA MAROTO, J., **Dos punto ¿qué?: guía para conocer el mundo 2.0: novatos, nivel medio y alto**, Bubok, 2011

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Tema de Faitic (<http://faitic.uvigo.es>) como contorna de comunicación virtual e colectiva. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da devandita plataforma e de estar ao corrente das datas nas que as probas de avaliación van ter lugar e/o teñen que entregarse.